

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE MAIO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. María Rosa del Carmen Mariño López

D. Gabriel González Arias

D^a. María Luisa Vázquez Vázquez

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:00 horas do día vinte e seis de maio de 2011, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 28/04/2011, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade acordou:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 28/04/2011.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1. ESCRITO OFICIAIS

2.1.1.- COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Xestión de Plans, Sección de Plans provinciais, rexistro de entrada nº. 557 con data 06/05/2011 no que se comunica aprobación dos Pregos de cláusulas administrativas Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, mediante os procedementos adaptados á Lei 2/2011 de 4 de marzo, de Economía Sostenible.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.2.- COMUNICACIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA RELATIVO A

ADQUISICIÓN POR PARTE DO CONCELLO DO INMOBLE DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, rexistro de entrada nº. 638 con data 25/05/2011 no que se comunica que en base a Lei 11/1995 na que se establece o réxime xurídico dos inmobles tipo a antiga Cámara Agraria Local de Boimorto, e na que se indica que se impide a cesión en propiedade, a título gratuito, polo que se atopan a espera da valoración económica por parte do Departamento Territorial desa Consellería, a cal farán chegar a este Concello en canto a reciban.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3.- COMUNICACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA DE RENUNCIA DA ARQUITECTA DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA PROMOVIDA POR DECORGA S.L. NO LUGAR DE A PONTE ANDABAO

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, rexistro de entrada nº. 546 con data 03/05/2011 no que se comunica que en relación ao expediente VD096318 da obra de “Dos edificacións, legalización edif. Auxiliares y apertura complexo turismo rural y hostelería” de Decorga S.L. sito no lugar de A Ponte parroquia de Andabao, pertencente a este termo municipal, Dña. M^a Mercedes Santamaria Naray renuncia á dirección facultativa da referida obra de edificación.

2.1.4.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (APOIO A MAIORES EN CENTRO SOCIAL-MUNICIPAL E AXUDA A DOMICILIO)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Promoción do Emprego, Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 625 con data 20/05/2011, no que se comunica a concesión de subvención Expte.: TR351A 2011/178-1 para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, segundo as seguintes características:

Servizo subvencionado: Apoio a maiores en centro social-municipal e axuda a domicilio

Importe total da subvención concedida: 36.040,20 euros.

Data de inicio	Núm. Traba	Ocupación	Grupo Cotizac.	Modalidade contractual	Duración contrato (meses)	Custos Subvenc. S. Social	Custos Salariais Subvenc.
Antes do 10/10/11	3	Axuda a domicilio	9	Obra/Servizo (interese social)	6	5.570,64	16.053,48
<input type="checkbox"/>	2	Subalterno	9	Obra/Servizo (interese social)	6	3.713,76	10.702,32
					TOTAIS	9.284,40	26.755,80

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan iniciar os trámites para súa tramitación.

2.1.5.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (SOCORRISTA)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Promoción do Emprego, Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 623 con data 20/05/2011, no que se comunica a concesión de subvención Expte.: TR351A 2011/176-1 para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, segundo as seguintes características:

Servizo subvencionado: Socorrista

Importe total da subvención concedida: 5.490,96 euros.

Data de inicio	Núm. trabal	Ocupación	Grupo Cotizac.	Modalidade contractual	Duración contrato (meses)	Custos Subvenc. S. Social	Custos Salariais Subvenc.
Antes do 10/10/11	1	Socorrista	8	Obra/Servizo (interese social)	3	1.354,65	4.136,31
					TOTAIS	1.354,65	4.136,31

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan iniciar os trámites para súa tramitación.

2.1.6.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (MEDIO AMBIENTE)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Promoción do Emprego, Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 624 con data 20/05/2011, no que se comunica a concesión de subvención Expte.: TR351A 2011/174-1 para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, segundo as seguintes características:

Servizo subvencionado: Medio Ambiente

Importe total da subvención concedida: 47.870,70 euros.

Data de inicio	Núm. trabal	Ocupación	Grupo Cotizac.	Modalidade contractual	Duración contrato (meses)	Custos Subvenc. S. Social	Custos Salariais Subvenc.
Antes do 10/10/11	5	Peóns	10	Obra/Servizo (interese social)	6	13.625,70	34.245,00
					TOTAIS	13.625,70	34.245,00

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan iniciar os trámites para súa tramitación.

3.- LICENZAS, PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.1- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA EXPLOTACIÓN DE POLOS DE AGROCIOLENDE S.C. NO LUGAR DE FONTE FRAGA- MERCURÍN SOLICITADA A INSTANCIA DE JOSE SÁNCHEZ GARCÍA

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 08/10/2010 nº de rexistro de entrada 1336 por D. José Sánchez García presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de "Nave para explotación de polos" no lugar do Fonte Fraga parroquia de Mercurín; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes colexiado nº 395 visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 1014/10; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de protección de infraestructuras.

Visto o informe técnico de data 10/11/2010 no que se require documentación, con data con data 07/12/2010 presenta en rexistro de entrada nº 1590 escritura de constitución da sociedade Agrocioende S.C., solicitudes de Augas de Galicia e Anexo ao proxecto redactado polo mesmo técnico e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas co mesmo número e en data 02/02/2011 Anexo nº rexistro de entrada 537.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 09/12/2010 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Marta Correa Bescansa.

Visto o informe de Secretaría de data 24/05/2011.

Tramitado procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no Decreto 133/2008 de 12 de xuño constante, informe de compatibilidade de data 09/12/2010 así como informe de incidencia ambiental de data 14/02/2011 asinados polos técnicos D. Ángel Delgado Cid; resultando que tramitado o procedemento de incidencia ambiental do Decreto 133/2008 da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente en escrito con entrada 621 de data 20/05/2011 remítese Dictame de Incidencia Ambiental, sen prexuízo do sinalamento de medidas correctoras oportunas.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención, aos dos servizos técnicos municipais e ao Dictame de Incidencia Ambiental remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

Considerando, que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ó medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto, non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, se respectan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vista a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, así como as demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza provisional de actividade a D. Jose Sánchez García para o proxecto de “Nave para explotación de polos” no lugar do Fonte Fraga parroquia de Mercurín; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes colexiado nº 395 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 1014/10; presentando o 07/12/2010 dentro do Anexo, oficio de dirección e execución de obra conforme ao proxecto (vis nº 1014/10) visado co mesmo número; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de protección de infraestruturas.

SEGUNDO.- A presente autorización de licenza provisional de actividade estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza e anexos así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo, así como as contidas noutros informe de autorizacións sectorias, sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións:

.- Estará condicionada ao recollido no Dictame de Incidencia Ambiental de data 11/05/2011 escrito con entrada neste Concello nº 621 de data 20/05/2011 remitida pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais, condicionada a previa obtención de autorizacións sectorias necesarias.

.- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto presentado e ao sinalado no Dictame de Incidencia Ambiental.

.- A licenza de actividade provisional debe cumprir o recollido no artigo 40 do PXOM de Boimorto para uso de categoría 2 así como o cumprimento de medidas correctoras contidas no proxecto.

.- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

- Para poder obter a acta de comprobación favorable o peticionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

- A liquidación da licenza de actividade realizarase trala visita de comprobación e coa licenza definitiva de funcionamento, de ser o caso.

TERCEIRO .- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 45/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 541, con data 03/05/2011, presentada por D. Jose Francisco Regueiro Veiga, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Vereá, 21 Ánxeles, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 21 do lugar de Vereá parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. José Francisco Regueiro Veiga, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 21 do lugar de Vereá parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.3.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO PARA O DÍA 3 DE XUÑO TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. Mª DEL CARMEN BARREIRO NOUCHE.

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por Dª. María del Carmen Barreiro Nouché con DNI nº 76515000A en calidade de representante da Asociación Folclórica os Santiaguíños de Boimorto, e con domicilio en rúa Espiñeiro, 7 Boimorto, no que solicita autorización para a utilización da casa de cultura do día 3 de xuño de 21:00 a 00:00 h da noite para levar a cabo un obradoiro musical.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Autorizar D^a. María del Carmen Barreiro Nouche con DNI nº 76515000A para a utilización da casa de cultura do día tres de xuño de 2011 de 21.00 a 00:00 h da noite para levar a cabo un obradoiro musical.

4.- URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 19/2011) PARA MODIFICADO DO PROXECTO UNIDADE RESIDENCIAL PARA PERSOAS CON TRASTORNOS MENTAIS PERSISTENTES NO LUGAR DE ARENTÍA, PARROQUIA DE ANDABAO, EXPEDIENTE TRAMITADO A INSTANCIA DE D^a. MARÍA MAGDALENA LOJO ROZADA, EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE NUESTRA SEÑORA DE LA MAGDALENA, S.L."

Visto o procedemento tramitado a instancia de D^a. María Magdalena Lojo Rozada, veciña de Boimorto, con domicilio a efectos de notificación no número 28 do lugar de Arentía, pertencente á parroquia de Andabao, provista do DNI núm. 32.832.182-G, actuando en representación da entidade Nuestra Señora de la Magdalena, S.L., con rexistro de entrada no concello número 1375 con data 20/10/2010 para modificado do proxecto unidade residencial para persoas con trastornos mentais persistentes no lugar de Arentía, parroquia de Andabao, (solo de núcleo rural-expansión de núcleo, coa ordenanza de equipamento), conforme ao proxecto redactado pola arquitecta D^a. Ana Sande Beiro colexiado número 3026.

Con data 12/01/2011 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 21/02/2011 con rexistro de entrada número 223 presentouse pola interesada "Requerimento de documentación do modificado de proxecto da Unidade residencial de saúde mental". Con data 16/03/2011 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando que a documentación presentada non cumprimenta as observacións realizadas no informe emitido con data 12/01/2011.

Con data 11/04/2011 con rexistro de entrada número 464 presentouse pola interesada "Contestación ao requerimento do modificado de proxecto da Unidade residencial de saúde mental".

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística modificado de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos colexiado 4657 con data 09/05/2011 que consta no expediente e as observacións do informe da secretaria municipal de data 26/05/2011.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas deste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior para modificado do proxecto unidade residencial para persoas con trastornos mentais persistentes no lugar de Arentía, parroquia de Andabao, (solo de núcleo rural-expansión de núcleo, coa ordenanza de equipamento), a D^a. María Magdalena Lojo Rozada, veciña de Boimorto, con domicilio a efectos de notificación no número 28 do lugar de Arentía, pertencente á parroquia de Andabao, provista do DNI núm. 32.832.182-G, actuando en representación da entidade Nuestra Señora de la Magdalena, S.L. (LO 18/2011), conforme ao proxecto redactado pola arquitecta D^a. Ana Sande Beiro colexiado número 3026, e documentación complementaria presentada con data 16/03/2011 e o 11/04/2011, cun orzamento de execución material de 110.279,35 Euros.

Nomeando como director de obra a D. José Antonio Hernando Ezquerra, arquitecto colexiado nº 1.779, e condicionando o inicio das obras a previa presentación de proxecto visado.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

TERCEIRO.- Manter os considerandos da licenza provisional de actividade e medidas correctoras impostas no seu momento a dita licenza advertindo que antes de conceder a licenza definitiva de actividade deberán aportar autorización de sanidade en relación coas obras de reforma e o incremento do nº de prazas da unidade residencial, así como será necesaria a presentación da/s autorización/s autonómicas as que se refire a seguinte normativa:

-Decreto 143/2007 de 12 de xullo polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

-Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995 do 28 de xullo no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de servizos sociais.

CUARTO.-Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 110.279,35 €.

Liquidación: 2.205,59 €

QUINTO.- Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 20/2011) PARA CONSTRUCCION DUNHA NAVE PARA POLOS NO LUGAR DE FONTE FRAGA PARROQUIA DE MERCURÍN TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSE SÁNCHEZ GARCÍA EN REPRESENTACIÓN DE AGROCIOCENDE S.C.

Visto o procedemento tramitado a instancia de D. Jose Sánchez García, veciño do lugar de Cio-cende, Mercurín pertencente a este termo municipal, provisto do DNI nº 76517901Y, con rexistro de entrada no concello nº 1336 de data 08/10/2010 para a realización das obras de construción dunha nave para polos no lugar de Fonte Fraga parroquia de Mercurín (solo rústico de protección agropecuarioa e solo de protección de infraestruturas) conforme ó proxecto básico e de execución redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes colexiado nº 395 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 1014/10 en data 13/09/2010, cun orzamento de execución material de 418.519,82 Euros.

Con data 10/11/2011 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 07/12/2010 con rexistro de entrada número 1590 presentouse polo interesado escritura de constitución da sociedade Agrocio-cende S.C., solicitudes de Augas de Galicia e Anexo a proxecto redactado polo mesmo técnico e visado co mesmo número e en data 02/02/2011 presenta Anexo con rexistro de entrada 537.

Vistos os informes favorables ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por Dna. Marta Correa Bescansa con data 09/12/2010 que consta no expediente, informe da secretaria municipal de data 24/05/2011 informando favorablemente a concesión de licenza de obra e visto o Dictame de Incidencia Ambiental de data 11/05/2011 con rexistro de entrada nº 621 en data 20/05/2011 .

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Jose Sánchez García con domicilio a efectos de notificación no lugar de Ciocende, Mercurín pertencente a este termo municipal, provisto do DNI nº 76517901Y, con rexistro de entrada no concello nº 1336 de data 08/10/2010 para a realización das obras de construción dunha nave para polos no lugar de Fonte Fraga parroquia de Mercurín (solo rústico de protección agropecuaria e solo de protección de infraestruturas) conforme ó proxecto básico e de execución redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes Colexiado nº 395 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 1014/10 en data 13/09/2010, cun orzamento de execución material de 418.519,82 Euros.

Constando no expediente oficio de dirección de obra de data 22 de novembro de 2011.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo de doutras autorizacións sectoriais.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deben axustarse ao establecido nos artigos 31 e 68 do PXOM de Boimorto.

.- Deberase axustar as medidas correctoras contempladas no proxecto presentado e no Dictame de Incidencia Ambiental.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 418.519,82 Euros.

Liquidación 2%: **8.370,40 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 21/2011) PARA CONSTRUCCION DE CERRAMENTO PERIMETRAL DE PARCELA EN NÚCLEO RURAL (PARCELA 351; POLÍGONO 507) EN CANTO DO BALO, PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL PÉREZ BARREIRO.

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de d. Manuel Pérez Barreiro con DNI nº 76474110F, con entrada no concello nº 467 con data 11/04/2011, para a realización de obras de construción de cerramento perimetral de parcela en núcleo rural (parcela 351; polígono 507), cunha lonxitude de 135,07 metros segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Ramón López Verdini, Colexiado nº 1.605, e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros/as Técnicos/as Agrícolas co número 551/11

Vistos os informes favorables ao autorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos Colexiado 4657 con data 23/05/2011 que consta no expediente e informe da secretaria municipal de data 26/05/2011 informando favorablemente a concesión de licenza de obra.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a D. Manuel

Pérez Barreiro (LO 20/2011), para a realización de obras de construción de cerramento perimetral de parcela en núcleo rural (parcela 351; polígono 507), cunha lonxitude de 135,07 metros, sita en solo de núcleo rural con ordenanza de expansión de núcleo segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Ramón López Verdini, colexiado nº 1.605, e visado polo colexio oficial de enxeñeiros/as técnicos/as agrícolas co número 551/11 **SEGUNDO.-** Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

.- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.-As características do cerramento axustaranse ás condicións sinaladas no artigo 30.7 do PXOM de Boimorto.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- En ningún caso a altura máxima superará os 2,0 m.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 12.500 €.

Liquidación 2% : **250,00 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.2.- OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.-OFERTA MAIS VENTAXOSA DA OBRA “ENERGÍA TRIFÁSICA EN LAVANDERÍA Y ADECUACIÓN DE FONTANERÍA EN LOCALES HÚMEDOS DE LA MINIRESIDENCIA DE BOIMORTO” (COPNSP 5/2011)

Visto o expediente relacionado coa obra “Subministro de enerxía eléctrica trifásica en lavandería y adecuación de la fontaneira en locais húmedos en la Miniresidencia de Boimorto”

Iniciado e aprobado dito expediente en acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/03/2011, constando no expediente informe de data 31/03/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 23.62500, quedando un orzamento final de 6.113,34 €.

Remitidas invitacións para participar a: Electro Sanxurxo S.L., Electricidad Suso S.L. e Viplaro S.L.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 10/05/2011 que se reproduce literalmente:

<<DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).-----

CERTIFICO: Que en cumprimento do acordo adoptado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria de data 31 de marzo de 2011 remitidas invitacións para a súa participación no Procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra “Suministro de enerxía eléctrica trifásica en lavandería y adecuación de fontanería en locais húmedos de la Miniresidencia de Boimorto” e outorgado un prazo de tres días naturais dende a recepción da invitación para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas; recibidas a invitacións según acuses de recibos en datas Electricidade Suso S.L.: 02/05/2011, Electro Sanxurxo S.L.: 03/05/2011 e Viplaro S.L.: 05/05/2011; rematando o prazo para presentar ofertas os días 06/05/11, 07/05/11 e 09/05/2011 respectivamente; foron presentadas por rexistro de entrada neste Concello a seguinte documentación:

.- Electro Sanxurxo S.L. presenta:

Sobre A con entrada nº 563 en data 10/05/2011

Sobre B con entrada nº 564 en data 10/05/2011

Sobre C con entrada nº 565 en data 10/05/2011

Atopándose esta oferta presentada fora de prazo.

.- Electricidad Suso S.L. presenta:

Renuncia de participación no procedemento. Rexistro de entrada nº 568 en data 10/05/2011.

.- Viplaro S.L. presenta:

Renuncia de participación no procedemento. Rexistro de entrada nº 571 en data 10/05/2011.

E para que así conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde en Boimorto a 10 de maio de 2011.

Vº Pr.

O alcalde >>

Visto o Decreto nº 152/2011 de solicitude de informe técnico do expediente da obra “Subministro de enerxía eléctrica trifásica en lavandería y adecuación de la fontaneira en locais húmedos en la Miniresidencia de Boimorto”, acordo de data 19/05/2011 que a continuación se reproduce literalmente:

“**Decreto:** 152 / 2011 **Data decreto:** 19/05/2011 **Descrición decreto:** Solicitude de informe técnico do expediente de contratación procedemento negociado sen publicidade da obra ENERGÍA TRIFÁSICA EN LAVANDERÍA Y ADECUACIÓN DE FONTANERÍA EN LOCALES HÚMEDOS DE LA MINIRESIDENCIA DE BOIMORTO (COPNSP 5/2011).

DON JOSÉ IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o expediente relacionado coa obra de “Suministro de enerxía trifásica en lavandería y adecuación de fontanería en locais húmedos de la Miniresidencia de Boimorto”.

Iniciado e aprobado dito expediente en acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/03/2011, constando no expediente informe de data 31/03/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 23.62500.

Remitidas invitacións para participar a: Electro Sanxurxo, S.L. con CIF nº. B-15.799.430, Electricidad Suso, S.L. con CIF nº B-15.496.433 e Viplaro, S.L. con CIF nº B-15.724.156.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 10/05/2011.

Visto o informe da Secretaria-Interventora de disconformidade en relación coa continuación deste procedemento de data 19/05/2011.

Demostrada a capacidade e solvencia do contratista en base aos traballos de mantemento de alumeados públicos realizados a este Concello.

Considerando a urxencia desta adxudicación pola xustificación das subvencións de AGADER e da Deputación Provincial da Coruña, subvencións relacionadas coa Miniresidencia e Centro de Día de Boimorto, considerando a urxencia da realización das obras e que non se incumple o principio de igualdade dos contratistas, vista a renuncia de dous dos invitados a presentación de ofertas.

En aplicación do artigo 14 da Lei 30/1992 avocando as competencias delegadas por esta alcaldía presidencia na Xunta de Goberno Local en materia de contratación por decreto nº 28/2008 con data 31/01/2008

RESOLVO

ÚNICO.- En base ao disposto no prego de condicións técnicas e administrativas, así como no artigo 135 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o Sobre B: Referencias técnicas, para que emitan o informe de valoración, tendo en conta os criterios de adxudicación recollidos no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aplicables a esta contratación, anexo IV.

Boimorto, dezanove de maio de dous mil once

O alcalde

Asdo.- D. José Ignacio Portos Vázquez

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Pola secretaria procedese a lectura do informe técnico referente ao sobre B: onde se recolle a documentación requerida nos pregos que se valora con informe técnico que se transcribe literalmente:

<<Ángel Delgado Cid, Enxeñeiro de Camiños adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15.056.468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao Concello de Boimorto, emito o seguinte **INFORME:**
Examinada a documentación contida no sobre B) de referencias técnicas presentado para a contratación do servizo de **"SUMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA EN LAVANDERÍA E ADECUACIÓN DE FONTANERÍA EN LOCAIS HÚMIDOS DA MNIRESIDENCIA DE BOIMORTO"**, ao meu xuízo, e en función dos criterios contidos no Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade do servizo, por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 27-01-2011, a valoración acadada por a única empresa presentada é a que segue:

EMPRESA	ELECTRO SANXURXO, S.L.
A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL	
a) PROGRAMA DE TRABAJO E ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 18 puntos)	0,00
b) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 19 puntos)	0,00
c) PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 13 puntos)	0,00
TOTAL	0,00

En Boimorto, a 19 de maio de 2011.

Ángel Delgado Cid
CERNE INGENIERÍA S.A.>>>□

Seguido aperturase o sobre C que contén a oferta económica comprobando que o licitador non realiza baixa en relación co prezo de licitación quedando o importe de adxudicación en 6.113,34 € iva incluído, acadando a puntuación de oferta económica: 0 puntos.

Total puntuación Electro Sanxurxo, S.L. = 0 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados pola Deputación e declarados de aplicación á presente contratación por Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/01/2011, vista a valoración que consta en informe técnico de data 19/05/2011 asinado por D. Ángel Delgado Cid da empresa Cerne Ingeniería, S.A. adxudicataria do servizo de asistencia técnico urbanística neste Concello, e visto o Informe da Secretaria-Interventora de data 19-05-2011.A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRA.- Declarar, por necesidade da realización da obra e por ser a única oferta presentada, como oferta máis ventaxosa a presentada por Electro Sanxurxo, S.L., para contratación da obra "Subministro de enerxía eléctrica trifásica en lavandería y adecuación de la fontaneira en locais húmedos en la Miniresidencia de Boimorto" a executar segundo memoria valorada redactada polo enxeñeiro de caminos D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en novembro de 2010 cun orzamento de execución por contrata de 6.113,34 € (iva incluído), obra a executar segundo o cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares en dez días naturais.

SEGUNDO.- Requerir a Electro Sanxurxo S.L. para que no prazo cinco días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía definitiva por importe de 259.04 € (5% **importe axudicación sen iva**) así como acreditación de estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta.

4.2.2.-OFERTA MÁIS VENTAXOSA DA OBRA DO POS DO 2011 "MEJORA DE CAMINOS EN PINEIRO, SAAMIL, FRADEGA Y FRANZOMIL (PARROQUIA DE

SENDELLE)" POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE (Expdte: COPNSP6/2011)

Visto o expediente relacionado coa obra do POS 2011 "Mejora de caminos en Piñeiro, Saamil, Frádega y Franzomil (parroquia de Sendelle)" por procedemento negociado sen publicidade (expte. COPNSP6/2011)"

Iniciado e aprobado dito expediente en acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/04/2011, constando no expediente informe de data 28/04/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 45.619, quedando un orzamento final de 57.526,58 € ive incluído.

Remitidas invitacións para participar a: Antonio Filloy, S.A. CIF A-36.016.665; Construcciones González y González, S.L. con CIF nº B-15.165.004 e Martínez Montes e Hijos, S.L. , CIF B-15025372

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 19/05/2011 que se reproduce literalmente:

<< DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).-----

CERTIFICO: Que en cumprimento do acordo adoptado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria de data 28 de abril de 2011 remitidas invitacións para a súa participación no Procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra "Mejora de caminos den Piñeiro, Saamil, Frádega y Franzomil (parroquia de Sendelle)" Expediente COPNSP 6/2011 e outorgado un prazo de oito días naturais dende a recepción da invitación para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas; recibidas a invitacións según acuses de recibos en data 11 de maio de 2011 rematando o prazo para presentar ofertas o día 19 de maio; foron presentadas por rexistro de entrada neste Concello a seguinte documentación:

-Antonio Filloy S.A. con CIF A36016665 presenta:
Sobre A con entrada nº 595 en data 18/05/2011
Sobre B con entrada nº 596 en data 18/05/2011
Sobre C con entrada nº 597 en data 18/05/2011

.- Construcciones González y González S.L.. con CIF B15165004 presenta:
Sobre A con entrada nº 601 en data 18/05/2011
Sobre B con entrada nº 602 en data 18/05/2011
Sobre C con entrada nº 603 en data 18/05/2011

.- Martínez Montes e Hijos S.L. con CIF B27256874 presenta:
Sobre A con entrada nº 609 en data 19/03/2011
Sobre B con entrada nº 610 en data 19/03/2011
Sobre C con entrada nº 611 en data 19/03/2011

E para que así conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde en Boimorto a 19 de maio de 2011.

Vº Pr.

O alcalde >>

Pola secretaria procédese a lectura do informe técnico referente ao sobre B: onde se recolle a documentación requerida nos pregos que se valora con informe técnico que se transcribe literalmente:

<<Ángel Delgado Cid, Enxeñeiro de Camiños adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15.056.468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao Concello de Boimorto, emito o seguinte **INFORME:**

Examinada a documentación contida no sobre B) de referencias técnicas presentado para a contratación do servizo de "**Mejora de caminos en Piñeiro, Saamil, Frádega y Franzomil (Parroquia de Sendelle)**", incluída no POS 2011, ao meu xuízo, e en función dos criterios contidos no Prego- Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras pretendidas nos plans provinciais, publicado no BOP número 130 de 9

de xuño de 2005, así coma dos criterios de valoración para a adxudicación aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Boimorto en sesión ordinaria de data 24 de abril de 2011, a valoración acadada para cada unha das empresas é a que segue:

EMPRESA	CONTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ S.L.	MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	ANTONIO FILLOY S.A.
A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL			
a) PROGRAMA DE TRABAJO E ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 9 puntos)	6,00	6,00	8,00
b) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 9 puntos)	3,00	3,00	7,00
c) PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 19 puntos)	0,50 (0,00%)	5,50 (0,00%)	10,50 (0,00%)
D) ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 10 puntos)	5,00	7,00	7,00
TOTAL	14,50	21,50	32,50

En Boimorto, a 26 de maio de 2011.

Ángel Delgado Cid
CERNE INGENIERÍA S.A.>>>□

Puntuacións por redución de prazos de execución:

Antonio Filloy: reduce o prazo en 5 días naturais: 4 puntos

Construcciones González y González, S.L.: non reduce o prazo: 1 punto

Martínez Montes e Hijos: non reduce prazo: 1 punto

Seguido aperturase o sobre C que contén a oferta económica comprobando que ningún licitador realiza baixa en relación co prezo de licitación quedando o importe de adxudicación en 57.526,58 € iva incluído, acadando a puntuación de oferta económica: 0 puntos.

Total puntuación Construcciones González y González S.L. = 15,50 puntos.

Total puntuación Martínez Montes e Hijos S.L. = 22,00 puntos.

Total puntuación Antonio Filloy S.A. = 36,50 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados pola Deputación e declarados de aplicación á presente contratación por Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/04/11, vista a valoración que consta en informe técnico de data 27/05/2011 asinado por D. Ángel Delgado Cid da empresa Cerne Ingeniería, S.A. adxudicataria do servizo de asistencia técnica urbanística neste Concello.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRA.- Declarar como oferta máis ventaxosa a presentada por Antonio Filloy S.A. A-36.016.665, para contratación da obra obra do POS 2011 “Mejora de caminos en Piñeiro, Saamil, Frádega y Franzomil (parroquia de Sendelle)” a executar segundo proxecto presentado redactado polo enxeñeiro de caminos D. Angel Delgado Cid Colexiado nº 4.657 en outubro de 2010 cun orzamento de execución por contrata de 57.526,58 € (iva incluído), obra a executar segundo a oferta presentada en 55 días naturais.

SEGUNDO.- Requerir a Antonio Filloy S.A. para que no prazo dez días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía defini-

tiva por importe de 2.437,57 € (5% **importe adjudicación sen iva**) así como acreditación de estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta.

4.2.3.-OFERTA MÁIS VENTAXOSA DA OBRA DO POS DO 2011 “REPARACIÓN PARCIAL DEL CAMINO DE CAMPOS A FOROS (PARROQUIAS DE ARCEO Y ANDABAO)” POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE (Expdte: COPNSP7/2011)

Visto o expediente relacionado coa obra do POS 2011 “Reparación parcial del camino de Campos a Foros (parroquias de Arceo y Andabao)”, por procedemento negociado sen publicidade (expte. COPNSP 7/2011)”

Iniciado e aprobado dito expediente en acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/04/2011, constando no expediente informe de data 28/04/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 45.619, quedando un orzamento final de 50.412,82 € iva incluído.

Remitidas invitacións para participar a: Antonio Filloy, S.A. CIF A-36.016.665; Construcciones González y González, S.L. con CIF nº B-15.165.004 e Martínez Montes e Hijos, S.L. , CIF B-15025372

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 19/05/2011 que se reproduce literalmente:

<<DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

CERTIFICO: Que en cumprimento do acordo adoptado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria de data 28 de abril de 2011 remitidas invitacións para a súa participación no Procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra “Reparación parcial de camino de Campos a Foros (parroquias de Arceo y Andabao)” Expediente COPNSP 7/2011 e outorgado un prazo de oito días naturais dende a recepción da invitación para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas; recibidas a invitacións según acuses de recibos en data 11 de maio de 2011 rematando o prazo para presentar ofertas o día 19 de maio; foron presentadas por rexistro de entrada neste Concello a seguinte documentación:

.-Antonio Filloy S.A. con CIF A36016665 presenta:
Sobre A con entrada nº 598 en data 18/05/2011
Sobre B con entrada nº 599 en data 18/05/2011
Sobre C con entrada nº 600 en data 18/05/2011

.- Construcciones González y González S.L.. con CIF B15165004 presenta:
Sobre A con entrada nº 604 en data 18/05/2011
Sobre B con entrada nº 605 en data 18/05/2011
Sobre C con entrada nº 606 en data 18/05/2011

.- Martínez Montes e Hijos S.L. con CIF B27256874 presenta:
Sobre A con entrada nº 608 en data 19/03/2011
Sobre B con entrada nº 612 en data 19/03/2011
Sobre C con entrada nº 613 en data 19/03/2011

E para que así conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde en Boimorto a 19 de maio de 2011.

Vº Pr.

O alcalde >>

Pola secretaria procédese a lectura do informe técnico referente ao sobre B: onde se recolle a documentación requerida nos pregos que se valora con informe técnico que se transcribe literalmente:

<<Ángel Delgado Cid, Enxeñeiro de Camiños adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15.056.468, empresa adjudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico- urbanística ao Concello de Boimorto, emito o seguinte **INFORME:** Examinada a documentación contida no sobre B) de referencias técnicas presentado para a contratación do servizo de “**Reparación parcial del camino de Campos a Foros (Parroquias de Arceo y Andabao)**”, incluída no POS 2011, ao meu xuízo, e en función dos criterios contidos no Prego- Tipo de Cláusulas

Administrativas Particulares que rexen para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras pretendidas nos plans provinciais, publicado no BOP número 130 de 9 de xuño de 2005, así coma dos criterios de valoración para a adxudicación aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Boimorto en sesión ordinaria de data 24 de abril de 2011, a valoración acadada para cada unha das empresas é a que segue:

EMPRESA	CONTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ S.L.	MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	ANTONIO FILLOY S.A.
A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL			
a) PROGRAMA DE TRABAJO E ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 9 puntos)	6,00	6,00	8,00
b) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 9 puntos)	3,00	3,00	7,00
c) PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 19 puntos)	0,50 (0,00%)	5,50 (0,00%)	10,50 (0,00%)
D) ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 10 puntos)	5,00	7,00	7,00
TOTAL	14,50	21,50	32,50

En Boimorto, a 26 de maio de 2011.

Ángel Delgado Cid
CERNE INGENIERÍA S.A.>>□

Puntuacións por redución de prazos de execución:

Antonio Filloy: reduce o prazo en 5 días naturais: 4 puntos

Construcciones González y González, S.L.: non reduce o prazo: 1 punto

Martínez Montes e Hijos: non reduce prazo: 1 punto

Seguido aperturase o sobre C que contén a oferta económica comprobando que os licitadores non realizan baixa en relación co prezo de licitación quedando o importe de adxudicación en 50.412,82 € iva incluído, acadando a puntuación de oferta económica: 0 puntos.

Total puntuación Construcciones González y González S.L. = 15,00 puntos.

Total puntuación Martínez Montes e Hijos S.L. = 22,00 puntos.

Total puntuación Antonio Filloy S.A. = 36,00 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados pola Deputación e declarados de aplicación á presente contratación por Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/04/11, vista a valoración que consta en informe técnico de data 27/05/2011 asinado por D. Ángel Delgado Cid da empresa Cerne Ingeniería, S.A. adxudicataria do servizo de asistencia técnico urbanística neste Concello.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRA.- Declarar como oferta máis ventaxosa a presentada por Antonio Filloy, S.A. CIF A-36.016.665, para contratación da obra do POS 2011 “Reparación parcial de camino de Campos a Foros (parroquias de Arceo y Andabao)” a executar segundo proxecto presentado redactado polo enxeñeiro de caminos D. Angel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en outubro de 2010 cun orzamento de execución por contrata de 50.412,82 € (iva incluído), obra a executar segundo a oferta presentada en 55 días naturais.

SEGUNDO.- Requerir a Antonio Filloy S.A. para que no prazo dez días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía definitiva por importe de 2.136,14 € (5% **importe axudicación sen iva**) así como acreditación de estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
298-30/04/11	Juan López Sánchez 34258362T	Subministro gasóleo para vehículos e gasolina para cortacésped.	268,12€
D-400-29/04/11		Subministro gasóleo A	2.954,25€
2011/1114-30/04/11	Sociedade Galega do Medio Ambiente A15379803	Tratamento de residuos urbanos mes de abril 2011	2.904,21€
1-11036104-27/04/11	Manuel Castro Gómez 33215547M	Confeccion de nóminas mes de abril 2011	542,56€
040/11-30/03/11	Cerne Ingenieria A15056468	Asistencia técnico urbanística mes de abril 2011	2.450,00€
041/11-30/03/11		Asistencia técnica de coordinación de seguridade e saúde de proxectos e obras municipais abril 2011	833,33€
5/01102861-25/04/11	Nea F3 Iberica S.L.U: B15361348	Mantemento fotocopiadora K-7022 servizos sociais período 14/03/11-14/04/11	17,65€
05/01102862-25/04/11		Mantemento fotocopiadora cor BH.C353 oficinas municipais Período 13/03/11-14/04/11	152,17€
5/01103729-25/05/11		Mantemento fotocopiadora K-7022 servizos sociais período 11/04/11-13/05/11	21,04 €
5/01103730-25/05/11		Mantemento fotocopiadora cor BH.C353 oficinas municipais período 11/04/11 - 13/05/11	387,18
650608903-31/01/11	KONE Elevadores S.A. A28791069	Servizo mantemento ascensor colexio mes de xaneiro	221,18€
650648599-30/04/11		Servizo mantemento ascensor colexio mes de abril	221,18€
AR294020-28/02/11 □	ABM-REXEL S.L.U. B28262822	Subministro material de alumeado	226,56€
197-14/05/11	Hermanos Vázquez S.L. B15643315	Parchar roda e compra de rodas	213,51€
11FV251-30/04/11	Agrobotica Arzúa S.L. B15476021	Herbicida	35,00€
1.089-02/05/11	Hotel Balneario Compostela S.L. B15912868	Actividades terapéuticas xaneiro, febreiro, marzo e abril	

		de 2011	5.000,00€
294-26/04/2011	Agromecanica Vicente García e Hijos S.L. B15162910	Subministro de material e mantemento para tractor, desbrozadoras, camión basura e camión grúa	785,64€
11/117-20/05/2011	Hnos. Villar Mato, S.L. B-15.501.034	Chave multi bocas para chaves de paso	41,30 €
45-25/05/11	Jose Manuel Vereá Castelo 33245534T	Subministro de material para oficina e de mantemento locais, farolas...	304,69€
44-25/05/11		Subministro de material para polideportivo	24,54€
13-25/05/11		Subministro de material para colexio	12,27€
42-25/05/11		Subministro de material para alumado	31,61€
VS2011-03763-05/04/11	Mugatra Sociedad de Prevención S.L.U. B70055504	Vixilancia da saúde o periodo 16-03-11 a 15-03-12	453,12€
		Servizo de prevención do 16-03-11 a 15-09-11	375,65€
648/11-18/05/11	Gráfica de Asturias S.L. B15342348	Papeletas para votación eleccións municipais 2011	197,00€
823-30/04/11	Serlimat Española S.L. B15535875	Servizo limpeza mes de abril 2011	2.585,11€
003771-31/04/11	Fernando J. Sánchez García 76505509B	Material para obras de reparación en transformador y campo de fútbol	313,30€
003759-06/04/11		Material para reparación de emerxencia social	2.488,86€
000895-09/05/11	Control de Planas Andrade S.L. B15989692	Cuota bimestral por servizos de desinfección e desratización en colexio, casa da cultura, centro médico e casa do Concello maio 2011	347,57€
50.346-01/04/11	La Voz de Galicia S.A. A15000649	Suscripción concertado do 01/04/11 ao 31/12/11	265,13€
11/02304-16/05/11	Inteman S.A. A01018654	Herbicida	303,85€
10.11-06/05/11	Cerditos de Guinea Comics G70046784	Obradoiros expreso de Graffiti.Letras Vivas 2011	87,00€
4000717771-30/04/11	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de abril 2011	352,74 €
538.325-02/05/11 □	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial maio 2011	311,71 €
OFFV11/2055-30/04/11	OFIREYCO S.L. B15342702	Material oficina	156,13€
11/210275-29/04/11	COGAMI Reciclado de Galicia S.L. B15467962	Recollida e xestión de residuos	90,72€
28-D182-331195-	Telefónica Móviles Es-	Recibo teléfonos móviles	248,04 €

01/05/11	paña, S.A. A-78923725		
Recibos non domiciliados 03110510055135 03110510052836 03110510049409 03110510049408 01110412805364	Unión Fenosa Comercial S.L. B82207275	Recibo da piscina municipal Recibo do campo de fútbol Recibo colexio público Recibo do polideportivo Recibo baixo concello	58,03€ 371,39€ 705,68€ 118,83€ 20,71€
Relación de data 13/05/2011	Gas Natural S.U.R. SDG S.A. A 65067332	Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	38,70€
TA3SC0613874 TA3SC0594920 TA3SC0594919 TA3SC0610031 TA3SC0610453 TA3SC0612094 TA3SC0619953 TA3SC0594922 TA3SC0623095 19/05/11 28-E1M1-038814 07/05/11	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono centro maiores Recibo teléfono servizos sociais Recibo teléfono xulgado de paz Recibo teléfono ascensor Recibo teléfono oficinas Concello Recibo teléfono fax concello Recibo teléfono baixo concello Recibo teléfono PAI Recibo ascensor residencia de maiores Abono bancario	88,22 € 130,39 € 24,75 € 16,49 € 298,48 € 0,11 € 68,69 € 24,14 € 16,49 € -71,92€

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXIA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 26/05/2011

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- ANTONIO RODRIGUEZ PAZOS - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

2.- JOSE MANUEL PAZ VARELA - PODOLOXIA -

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*

- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**3.- MARIA LUISA RIAL VÁZQUEZ- PODOLOXIA-
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**4.- BENJAMÍN GAREA MONTERROSO PODOLOXIA-
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**5.- MANUEL LUIS SEOANE MELLA- PODOLOXIA-
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**6.- CARMEN SÁNCHEZ MATA- PODOLOXIA-
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**7.- MARIA JESUSA VEIGA LÓPEZ- PODOLOXIA-
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**8.- ESPERANZA SUEIRO BARREIRO- PODOLOXIA-
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a D. Antonio Rodriguez Pazos e no servizo de podoloxía a D. José Manuel Paz Varela, María Luisa Rial Vázquez, Benjamín Garea Monterroso, Manuel Luis Seoane Mella, Carmen Sánchez Mata, María Jesusa Veiga López e Esperanza Sueiro Barreiro.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de abril, maio e xuño do 2011. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e/ou podoloxía.

5.3.- ESCRITO DE D. XOSE ANTONIO GONZÁLEZ SANTOS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DE AVAL DEPOSITADO POR ACOPIO DE MATERIAL COMO GARANTÍA DA REALIZACIÓN DA OBRA "MELLORA DE ESPACIO PÚBLICO PARA CELEBRACIÓN DO MERCADO TRADICIONAL NO CONCELLO DE BOIMORTO".

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. José Antonio González Santos, en representación da empresa Construcciones González y González S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 566 con data 10/05/2011, no que solicita a devolución do aval depositado, en efectivo, como depósito de acopio de material da obra:

Denominación	Importe
Acopio de materiais da obra "Mellora de espacio público para a celebración do mercado tradicional no Concello de Boimorto"	9.966,25 €

Visto o informe emitido polo asesor técnico do Concello, D. Ángel Delgado Cid, de data 27 de abril de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Proceder á devolución do aval solicitado, en efectivo, xa que se realizou o servizo cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.4.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA.-

Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 2.548 m³ (menos 2380 m³ da lectura do trimestre anterior = **168 m³**) e nº 07SE117232 = 576 m³ (menos 513 m³ da lectura do trimestre anterior = **63 m³**) TOTAL: 231 m³, realizada polo encargado de obras e servizos de urbanismo deste Concello, D. Luis González Guerra, en aplicación do disposto en convenio asinado con Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Liquidar a cantidade a ingresar polo Concello de Arzúa a Boimorto como consecuencia do disposto no convenio 231 m³ x 0,21 euros = 48,51 € + 3,88 € (IVE do 8%) = 52,39 €.

SEGUNDO.- Notifíquese ao Concello de Arzúa o presente acordo, solicitando o ingreso na conta bancaria xa comunicada do Concello de Boimorto.

5.5.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS DO VERÁN 2011.

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010. Vistas as bases para convocatoria e establecemento dos prezos públicos con motivo das actividades de verán redactadas en data 23/05/2011 polo animador deportivo e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<1.- Obxeto.

O obxeto destas bases e o establecemento de prezos públicos para as seguintes actividades que sean realizadas polos departamentos deportivos e de animación sociocultural no verán de 2011:

- Cursos de Taichi, requírese un mínimo de 8 persoas en cada parroquia para que se leve a cabo, durante os meses de xullo e agosto.
- Excursión a Ourense á termas da Chavasqueira, mínimo 30 participantes, levarase a cabo o día 24 de xuño, último día para inscribirse o día 20 de xuño.
- Ruta de Sendeirismo na Fragas do Eume, mínimo 40 participantes, levarase a cabo o día 25 de xuño, último día para anotarse inscribirse o día 20 de xuño.

2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento os que sexan beneficiarios dos servizo/s e actividades culturais e deportivas organizadas por este Concello.

3.- Contía

- Cursos de Taichi: 10 € mes (20 € dous meses)
- Excursión a Ourense ás Termas da Chavasqueira: 26 €/participante
- Ruta de Sendeirismo na Fragas do Eume:8 €/ participante

A contía do prezo público deberá cubrir o custe da actividade, en caso de baixar ou subir dito custe variarase a cuantía do prezo público proporcionalmente a cada actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non están previstas nin bonificacións nin exencións.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante a solicitude de participación nos cursos e actividades nese artigo sinalados.

O pago dos prezos das distintas actividades efectuarase do seguinte modo:

- Cursos de Taichi: 0 100% ó inscribirse
- Excursión a Ourense á termas da Chavasqueira, o 100% ao día seguinte do día que finaliza o prazo para anotarse.
- Ruta de Sendeirismo na Fragas do Eume, o 100% ao día seguinte do día que finaliza o prazo para anotarse.>>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases de establecemento dos prezos públicos das actividades culturais e deportivas do verán 2011, redactadas polo animador deportivo e pola anima-

dora sociocultural tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en:

- Cursos de Taichi: 10 € mes (20 € dous meses)
- Excursión a Ourense ás Termas da Chavasqueira: 26 €/participante
- Ruta de Sendeirismo na Fragas do Eume: 8 €/participante

A contía do prezo público deberá cubrir o custe da actividade, en caso de baixar ou subir dito custe variarase a cuantía do prezo público proporcionalmente a cada actividade.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 126, 153 e 158 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:30 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a tres de xuño de dous mil once.=====

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez